

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/03/2019 8:37:14


SAIDA 3058/19

Reclamante 


Expediente. Nº **RSCTG 0144/2018**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por , mediante escrito do 12 de decembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 12 de decembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte da Consellería de Sanidade

O reclamante indicaba que solicitou á referida Consellería que se lle informe de a partir de que ano de residencia pode un facultativo dar de alta a un paciente, tras tratamento aberto da fractura do cóndilo mandibular, con coas secuelas de lesión permanente do nervio facial, máis mordida aberta.

O escrito viña acompañado da súa solicitude de acceso á información pública mediante modelo de solicitude PR 004A da Xunta de Galicia asinado o 10 de novembro de 2018, e sen que conste data de entrada en rexistro.

Segundo. Con data do 18 de decembro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Servizo Galego de Saúde para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 9 de xaneiro de 2018

Terceiro. Con data do 31 de xaneiro de 2019, a Xerencia Integrada da Coruña da Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, a Xerencia informa que se lle deu resposta á solicitude de información do Sr. ██████ dirixíndoo aos sistemas de información e transparencia tanto dos organismos dos que depende a formación sanitaria especializada, como á propia páxina web desta Xerencia de Xestión Integrada. En concreto o Real Decreto 183/2008, de 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada, que adica integramente o Capítulo V a definir e desenvolver o "Deber xeral de supervisión e responsabilidade progresiva do residente".

O Sr. ██████ solicita información sobre un suposto concreto do programa formativo de unha especialista en formación, da que cuestiona a súa capacitación e, por este motivo, presentou unha reclamación de responsabilidade patrimonial da Administración Sanitaria que foi admitida a trámite e que se atopa en fase de instrución, polo tanto, de existir dúbidas sobre a correcta praxis profesional dun especialista en formación, pode propor como práctica de proba que se requira información sobre se o programa formativo dunha persoa concreta e nunha situación específica desenvolveuse conforme á normativa de aplicación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente o solicitante presentou a súa reclamación o 12 de decembro de 2018, unha vez transcorrido o prazo dun mes desde a solicitude sen que a Administración resolvese expresamente, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado presenta unha reclamación en materia de acceso á información pública, por non ter resposta a unha solicitude de acceso á información referido ás competencias dun médico residente nunha alta a un paciente tras unha intervención.

De acordo co informe da Xerencia Integrada da Coruña da Consellería de Sanidade, ao interesado se lle deu acceso á información solicitada, sen que conste no informe a data do acceso, polo que debemos presumir que se notificou ao interesado en data posterior á da presentación da reclamación ante esta Comisión.

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Este feito, entender que pode ser obxecto dunha solicitude de información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma, así como que non sexa necesario motivar a solicitude, polo que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, fai difícil, cando non imposible, substraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra as condicións indicadas na mesma.

Na contestación que se remitiu ao interesado, segundo o informe da Xerencia, se lle dirixe ao sistema de información e transparencia dos organismos dos que depende a formación

sanitaria especializada e da propia xerencia. En concreto, dentro da información que se lle proporcionou figura o Real Decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e desenvólvense determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada que establece no seu artigo 15 que o sistema formativo dos residentes implicará a asunción progresiva de responsabilidades na especialidade que se estea cursando e un nivel decrecente de supervisión, a medida que se avanza na adquisición das competencias previstas no programa formativo, ata alcanzar o grao de responsabilidade inherente ao exercicio autónomo da profesión sanitaria de especialista. Por tanto, a concreción do estado de formación e habilitación profesional dos facultativos residentes é progresiva, polo que non existe unha resposta xeral á concreta solicitude de información obxecto do recurso. De acordo coa normativa sinalada na resposta do Consellería a habilitación pola que se pregunta, dependerá de cada caso (anos de residencia, evolución formativa, progresión do residente, etc)

Considérase que a información proporcionouse ao interesado correctamente, aínda que debe presumirse que fóra do prazo establecido na normativa en materia de Transparencia, polo que procede a estimación por motivos formais, da reclamación presentada polo Sr. [REDACTED] Barreiro.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] do 12 de decembro de 2018, contra a súa solicitude en materia de acceso á información referida ás competencias profesionais dos facultativos residentes.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga